

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1º.- Que o 16 de marzo de 1964 foi aprobado o Consorcio do monte "RAMILA E FONTEIÑA", LU-3240, subscrito polo Patrimonio Forestal do Estado e D. JOSÉ MARIA RANCAÑO FERNANDEZ, que actuaba en nome propio e no doutros veciños propietarios dos lugares de Liñares de Villafurada, Outonais e Vilalba de Trapa.

2º.- Que o 14 de febreiro de 1990 os propietarios de dito monte D^a MARIA NIEVES IGLESIAS MARCOS, D. ALBERTO ARIAS ALONSO, D. CELESTINO ARIAS DIAZ, D. MANUEL CAMPOS NEIRA, D. JOSE LOPEZ FERNANDEZ, D. ATILANO FERNANDEZ FERNANDEZ e D. JOSE MARIA LOPEZ MURIAS, otorgaron Poder Notarial a favor de D. JOSE MARIA RANCAÑO FERNANDEZ, D^a MARIA ESTHER MARCOS FERNANDEZ e D. FELIX DIAZ VILLARMAZO, para asinar un Convenio coa Consellería de Agricultura, Gandería e Montes que afectase o monte da súa propiedade, incluído no Consorcio do monte "RAMILA E FONTEIÑA", LU-3240.

O 18 do mes de novembro D. JOSE MARIA RANCAÑO FERNANDEZ, D^a MARIA ESTHER MARCOS FERNANDEZ e D. FELIX DIAZ VILLARMAZO acordaron:

- aprobar as Bases dun convenio a establecer coa citada Consellería para o monte da súa pertenza "FRANCOS E CARBALLAL DE VILLALBA", no que se incluírían as 77,50 Hás. da sua propiedade, consorciadas agora como monte "RAMILA E FONTEIÑA", LU-3240 e

- solicitar da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes que o Convenio, na parte que lle afecta, anulouse e substituíse o Consorcio do monte "RAMILA E FONTEIÑA", LU-3240.

3º.- Que en consecuencia, o novo monte "FRANCEOS E CARBALLAL DE VILLALBA", queda constituido por:

77,50 Hás. do "RAMILA E FONTEIÑA", LU-3240.

4º.- Que o Convenio ten por obxecto a conservación e tratamentos selvícola das masas creadas, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementario e auxiliares concordantes con tales fins.

5º.- Que as superficies do monte "RAMILA E FONTEIÑA", LU-3240, eran:

superficie total	133,50 Hás.
superficie repoboada	130,00 "
superficie inforestal	3,50 "

Como D. JOSÉ LÓPEZ FERNÁNDEZ E D. GERMÁN LÓPEZ DÍAZ cancelaron:

superficie toal	2,57 Hás.
superficie repoboada.....	2,57 "

as actuais, son:

superficie total	130.93 Hás.
superficie repoboada	127,43 "
superficie inforestal	3,50 "

O monte "FRANCOS E CARBALLAL DE VILLARBA", pasan:

superficie total	77,50 Hás.
superficie repoboada	75.43 "
superficie inforestal	2,07 "

6°.- Que os gastos por traballos e ingresos do monte "RAMILA E FONTEIÑA", LU-3240.

Conforme coa Certificación que se adxunta, son:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1996	9.585.196.-Ptas.
restados cancelación D. JOSÉ LÓPEZ FERNÁN-	
DEZ E D.GERMÁN LÓPEZ DÍAZ	46.043,- "
saldo actual:	9.539.153,- "

b) Ingresos:

o 31-12-1996	458.041.- "
restados cancelación D. JOSÉ LÓPEZ FERNÁN-	
DEZ E D. GERMÁN LOPÉZ DÍAZ.	20.- "
saldo actual:	458.021.- "

7°.- E que os gastos que por traballos, administración e gardería, así como os ingresos, que das contas do Consorcio do monte "RAMILA E FONTEIÑA", LU-3240, pasan a conta do Convenio do monte "FRANCOS E CARBALLAL DE VILLALBA", son:

a) GASTOS:

<u>75,43 Hás.</u> x 9.539.153,-Ptas.	5.646.538,-Ptas.
127,43 Hás.	
administración: <u>7,85</u> x 5.646.538,-Ptas.....	443.253,- "
gardería: 75.43 Hás. x 1.325.-Ptas./Há. ...	<u>99.945,- "</u>
<u>TOTAL GASTOS</u>	<u>6.189.736,- Ptas.</u>

b) INGRESOS:

<u>75.43 Hás.</u> x 458.021,-Ptas.	<u>271.118.-Ptas.</u>
127,43 Hás.	
<u>TOTAL INGRESOS</u>	<u>271.118,-Ptas.</u>

E que a conta de gastos do Convenio do monte "FRANCOS E CARBALLAL DE VILLALBA", abrirase cun saldo de:

6.189.736,- pesetas - 271-118,- pesetas 5.918.618.-Ptas

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "FRANCOS E CARBALLAL DE VILLALBA".

Elenco: 2717562.

Superficie: 77,50.

Pertenza: D.JOSE MARIA RANCAÑO FERNANDEZ e outros

Termo municipal: A Fonsagrada.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo: 1%

Participación da Propiedade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "FRANCOS E CARBALLAL DE VILLALBA", 2717562, se abra cun saldo de 5.918.618.- pesetas, sen prexuício dos gastos e ingresos que puideran te-las contas do Consorcio do monte "RAMILA E FONTEIÑA", LU-3240, con posterioridade a data de peche das mesmas.

3º.- Que no sucesivo, as características do monte "RAMILA E FONTEIÑA", LU-3240, sexan as seguintes:

Nome: "RAMILA E FONTEIÑA".

Elenco: LU-3240.

Superficie 53,43 Hás.

Pertenza: Veciños de Liñares de Villafurada e
Outonais.

Termo municipal: a Fonsagrada.

4º.- Que, por ter pasado a conta do Convenio do monte
"FRANCOS E CARBALLAL DE VILLALBA", 2717562, das conta do
Consortio do monte "RAMILA E FONTEIÑA", LU-3240, se resten as
seguintes cantidades:

Gastos: 75,43 Hás. x 9.539.153.-Ptas. 5.646.538.-Ptas.
127,43 Hás.

Ingresos: 75,43 Hás. x 458.021,-Ptas. 271.118,-Ptas.
127,43 Hás.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 1997.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,

Asdo.: Plácido Baamonde López.

Vº. Bº.

O DIRECTOR XERAL,


Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de transformación parcial do consorcio do monte "RAMILA E FONTEIÑA" LU-3240, nun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e D. JOSE M^a RANCAÑO FERNANDEZ, D^a MARIA ESTHER MARCOS FERNANDEZ e D. FELIX DIAZ VILLARMARZO, que actúan en nomo propio e en representación dos restantes propietarios do monte "FRANCOS E CARBALLAL DE VILLALBA", integrado por 77,50 Has. do citado monte "RAMILA E FONTEIÑA", e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes de LUGO, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 1997.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'M. J. Rocha'.

Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

Aprobar o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "FRANCOS E CARBALLAL DE VILLALBA".

Elenco: 2717562.

Superficie: 77,50 Hás.

Pertenza: D. JOSE MARIA RANCAÑO FERNÁNDEZ e outros.

Termo municipal: A Fonsagrada.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "FRANCOS E CARBALLAL DE VILLALBA", 2717562, se abra cun saldo de 5.918.618,- pesetas, sen prexuício dos gastos e ingresos que puideran telas contas do Consorcio do monte "RAMILA E FONTEIÑA", LU-3240, con posterioridade a data de peche das mesmas.

3º.- Que, no sucesivo, as características do monte "RAMILA E FONTEIÑA", LU-3240, sexan as seguintes:

Nome: "RAMILA E FONTEIÑA".

Elenco: LU-3240.

Superficie: 53,43 Hás.

Pertenza: Veciños de Liñares de Villafurada e
Outonais.

Termo municipal: A Fonsagrada.

4º.- Que, por ter pasado a conta do Convenio do monte
"FRANCOS E CARBALLAL DE VILLALBA", 2717562, das contas do
Consortio do monte "RAMILA E FONTEIÑA", LU-3240, se resten as
seguintes cantidades:

gastos: <u>75,43 Hás.</u> x 9.539.153, -Ptas.	5.646.538, -Pts.
127,43 Hás.	
ingresos: <u>75,43 Hás.</u> x 458.021, -Ptas.	271.118.-Pts.
127,43 Hás.	

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 1997.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL;



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13/12/93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

CONVENIO

N.º	271	7562
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

REUNIDOS

Dunha banda, D. **ANTONIO LUIS ROSON PEREZ**, Por Delegación do Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da ~~Resolución de 13 de diciembre de 1993~~ Orde do 13.12.1993.

Da outra, D. **JOSE MARIA RANCAÑO FERNANDEZ**, con D.N.I. nº. 33.728.282, veciño de Liñares de Villafurada; D^a. **MARIA ESTHER MARCOS FERNANDEZ**, con D.N.I. nº. 33.723.321 e D. **FELIX DIAZ VILLARMARZO**, con D.N.I. nº. 33.724.618, veciños de Villalba de Trapa, ambos lugares no municipio de A Fonsagrada

como representantes dos propietarios do monte **"FRANCOS E CARBALLAL DE VILLALBA"** , segundo se acredita no poder notarial que se xunta.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **16 de Marzo de 1.964** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente documento.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo ós propietarios (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio son propiedade dos outorgantes do poder notarial, e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"FRANCOS E CARBALLAL DE VILLALBA"**

Termo Municipal: **A Fonsagrada**

Provincia: **LUGO**

Límites:

N.: PARCELA I.- N.- Propiedades particulares; L.- Propiedades particulares; S.- Propiedades particulares e O.- Propiedades particulares.

S.: PARCELA II.- N.- Propiedades particulares; L.- Propiedades particulares; S.- Propiedades particulares e O.- Propiedades particulares.

L.: PARCELA III.- N.- Propiedades particulares; L.- Propiedades particulares; S.- Propiedades particulares e O.- Propiedades particulares.

O.:

Superficie: 77,50 (SETENTA E SETE HECTAREAS CINCOENTA AREAS)

Estado forestal: 75,43 (SETENTA E CINCO HECTAREAS E CORENTA E TRES AREAS) repoboadas e - 2,07 (DUAS HECTAREAS E SETE AREAS) inforestais.

Con arborado pertencente ós propietarios do chan: ---

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 75,43 (SETENTA E CINCO HECTAREAS E CORENTA E TRES AREAS)

Sen vexetación arbórea: 2,07 (DUAS HECTAREAS E SETE AREAS)

Servidumes: ---

TÍTULO DE PROPIEDAD

Por herdanza dos seus antergos.

Inscrita no Rexistro da Propiedade de ---

Tomo (s) --- Folio (s) ---

Finca (s) ---

Inscrición (s) ---

3ª.— O chan continuará pertencendo a os propietarios das fincas incluídas no monte "FRANCOS E CARBALLAL DE VILLALBA"

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dea lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincoenta por cento contabilizárase en concepto de subvención; o restante cincoenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

Así mesmo satisfará a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes o importe total que corresponda da cota empresarial da Seguridade Social Agraria. Este pagamento terá a consideración de anticipo e como tal se recolle-rá na conta do convenio.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán parcial ou totalmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenca entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicarse á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: **77,50 Hás. do monte "RAMILA Y FONTEIÑA",**
IU-3240.

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o **trinta** por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o **setenta** por cento restante, para os propietarios do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o **-** por cento, e os propietarios, o **-** por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso ós propietarios.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade dos propietarios, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola propiedade do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo que se cree, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de **trinta** anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.




A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— ~~A especie utilizada para a repoboación do monte será~~ O monte está repoboado con *P. sylvestris*, *P. pinaster* e *P. radiata*.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.


Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.


  
Asdª.: José M. R. Fernández. Asdª.: M. Esther M. Fernández. Asdª.: Félix D. Villarmarzo.


D. TOMAS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,


Asdª.: José María Rancoño Fernández.


Asdª.: María Esther Marcos Fernández.


Asdª.: Félix Díaz Villarmarzo.

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez (O. do 13/12/93)

En el lugar de Villalba de Trapa, siendo las dieciocho horas del día 18 de Noviembre de 1.997, se reunen D. JOSE MARIA RANCAÑO FERNANDEZ, con D.N.I. nº. 33.728.282, vecino de Liñares de Villafurada; D^a. MARIA ESTHER MARCOS FERNANDEZ, con D.N.I. nº. 33.723.321 y D. FÉLIX DIAZ VILLARMARZO, con D.N. nº. 33.724.618, vecinos de Villalba de Trapa, ambos lugares del municipio de Fonsagrada y

en nombre propio y en el de D^a. MARIA NIEVES IGLESIAS MARCOS, con D.N.I. nº. 33.724.769; D. ALBERTO ARIAS ALONSO, con D.N.I. nº. 11.286.851; D. CELESTINO ARIAS DIAZ, con D.N.I. nº. 33.724.673; D. MANUEL CAMPOS NEIRA, con D.N.I. nº. 33.723.254; D. JOSE LOPEZ FERNANDEZ, con D.N.I. nº. 76.552.043; D. ATILANO FERNANDEZ FERNANDEZ, con D. N.I. nº. 33.723.949 y D. JOSE MARIA LOPEZ MURIAS, con D.N.I. nº. 76.571.099, en virtud del Poder Notarial otorgado en Fonsagrada el 14 de Febrero - de 1.990, acuerdan:

1^a.- Aprobar las Bases de un Convenio a establecer con la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, para el monte de su propiedad "FRANCOS E CARBALLAL DE VILLALBA", en el que se incluyen - las 77,50 Hás. de su pertenencia que ahora están consorciadas como - parte del monte "RAMILA E FONTEIÑA", LU-3240; las características del monte a conveniar, serán:

Nombre: "FRANCOS E CARBALLAL DE VILLALBA".

Superficie: 77,50 Hás.

Límites:

PARCELA I.-

N.- Propiedades particulares;
E.- Propiedades particulares;
S.- Propiedades particulares y
O.- Propiedades particulares.

PARCELA II.-

N.- Propiedades particulares;
E.- Propiedades particulares;
S.- Propiedades particulares y
O.- Propiedades particulares.

.../...

PARCELA III.-

N.- Propiedades particulares;

E.- Propiedades particulares;

S.- Propiedades particulares y

O.- Propiedades particulares.

2º.- Solicitar de la Consellería que el Convenio, en la -
parte que le afecta, amule y sustituya al Consorcio vigente para el -
monte "RAMILA Y FONTEIÑA", LU-3240.

Esther Marcos

Félix Díaz